

## RESOLUCIÓN DO DIRECTOR-XERENTE DO AUDITORIO DE GALICIA

Número de expediente: 2020/G003/000107

### **Asunto: Resolución de medidas de actuación para o persoal empregado público do Auditorio de Galicia con motivo dos acordos tomados polo Concello de Santiago en materia de prevención do avance do Coronavirus (COVID-19)**

Ante as recomendacións e acordos tomados polo Consello da Xunta de Galicia e o goberno estatal e ao abeiro do disposto no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo (BOE núm. 67 do 14 de marzo), polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, a administración local de Santiago de Compostela actuou en consecuencia co obxectivo de frear o avance do virus.

Neste sentido a Comisión Executiva do Auditorio de Galicia, reunida de urxencia o día 16 de marzo de 2020, acordou o seguinte:

- 1. Ordenar o peche ao público do Auditorio de Galicia a partir das 18:00 h do día 13 de marzo de 2020 por un período de 14 días naturais. Sen prexuízo de que este período poida ser diminuído ou aumentado segundo as instrucións ou recomendacións ditaminadas polas autoridades competentes na materia.*
- 2. Adoptar as futuras medidas de prevención e reorganización do traballo que poidan ser ditaminadas por parte do Concello de Santiago de xeito automático, en tanto que o Auditorio de Galicia é un organismo administrativo dependente do Concello de Santiago.*

O decreto da Alcaldía de actuación para o persoal empregado público do Concello de Santiago de Compostela con motivo do Coronavirus (COVID-19) de data 15 de marzo de 2020, establece os servizos esenciais e dá as instrucións pertinentes para a prevención da expansión do virus e reorganización do traballo.

Por todo o exposto, no exercicio das competencias atribuídas nos estatutos do Auditorio de Galicia.

### **RESOLVO**

1. Trasladar as medidas tomadas polo Concello de Santiago de Compostela ao seu organismo autónomo.
2. Declarar como persoal esencial ao director-xerente do Auditorio de Galicia, e tal e como establecen os seus estatutos, e á subdirectora da entidade como a súa posible substituta.
3. Suspender toda a atención cidadá presencial. O rexistro do Auditorio de Galicia pasa a ser atendido de xeito unicamente telemático no enderezo <https://sede.compostelacultura.gal/opencms/gli>

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

4. Polo momento, o Auditorio de Galicia pasará a funcionar con servizos mínimos presenciais, sendo estes os seguintes sen prexuízo doutra organización en función das necesidades:

Horario de 9 a 14 de luns a venres que deberá ser atendido polos seguintes efectivos:

- Conserxería: 1 persoa.
- Mantemento: 1 persoa.
- Actividades: 1 persoa.
- Administración e contabilidade: 1 persoa.

Na medida do posible organizarase o teletraballo. As persoas de mantemento e conserxería deberán estar operativas por se fai falta dispoñer do edificio en calquera momento.

5. As quendas de traballo realizaranse con periodicidade semanal.

6. Son servizos prioritarios do Auditorio de Galicia:

- Administración e tesourería para pagamento de nóminas e provedores.
- Servizos de atención telefónica e por email para a atención a cidadáns e información de devolucions de entradas.
- Conserxería e acceso ao edificio.
- Todos aqueles que teñen que ver co mantemento do edificio, a seguridade, o control e a salvagarda do patrimonio.
- Todos aqueles que sexan ditaminados polo Concello de Santiago.

Asinado dixitalmente: Xaquín López González  
Director-xerente do Auditorio de Galicia